

Exposición
VIRXILIO VIEITEZ
22 outubro – 24 abril 2010

'O INSTANTE DETIDO'
Un programa educativo para escolares
Nivel: educación primaria
De 6 a 12 anos

Grazas por seleccionar o MARCO para esta visita escolar. Esta Guía é unha introdución ás actividades (visita + obradoiro) deseñadas polo departamento educativo para a exposición titulada:

VIRXILIO VIEITEZ

Durante a visita abordaremos conceptos como o que significa o MARCO, cal é a súa función, e como ver e gozar a arte contemporánea. Introducimos o concepto de exposición e explicamos o contido da mostra que van ver.

A visita e obradoiro de **Primaria** ten unha duración aproximada de **1 hora e 15 minutos**. Para o seu mellor aproveitamento, o persoal educador organiza os participantes de cada centro en grupos de **25 alumnos/as**. É necesario que os adultos que acompañan ao grupo permanezan con eles en todo momento. Non está permitido comer e beber no museo, exceptuando a zona de cafetería. Se o teu grupo ten algunha necesidade especial, ou prefires adaptar a visita na súa duración ou contidos, non dubides en comunicalo con antelación ao noso departamento educativo.

Seleccionamos algunhas obras e preparamos un percorrido pola exposición para desenvolver a **visita** en función das idades e dos contidos que se intentan transmitir. Procuramos conducila tratando en todo momento de conseguir o auto-descubrimiento, formulando preguntas para que sexan eles mesmos os que ofrezan as respostas ao que están a percibir. Durante a visita a esta exposición centrarémonos en aspectos da educación artística, estética e emocional, utilizando as imaxes como pretexto para traballar a comunicación visual.

A experiencia complétase cun **obradoiro** no 'Laboratorio das artes', o noso espazo de didáctica no primeiro andar, onde os escolares de Primaria levan a cabo un proxecto artístico relacionado co retrato e a representación de emocións.

A exposición

A proposta do MARCO para esta tempada é unha exposición individual do fotógrafo galego **Virxilio Vieitez**. O seu traballo, analizado a posteriori, adquiriu un indubidable valor artístico e social pola confluencia de diversos xéneros e factores, que o sitúan hoxe entre os grandes da fotografía. Esta mostra retrospectiva ten lugar dous anos despois da súa morte e cando se cumpriría o octoxésimo aniversario do seu nacemento.

Virxilio Vieitez (Soutelo de Montes, Pontevedra, 1930-2008) viaxa aos 18 anos ao Pirineo Aragonés, onde traballa como mecánico e onde compra a súa primeira cámara fotográfica. Posteriormente trasládase a Cataluña, e empeza a traballar na localidade de Palamós como axudante do fotógrafo Juli Pallí, con quen aprende as claves do oficio. En 1955 regresa a Galicia e abre un estudio fotográfico no seu pobo natal, onde permanecerá ata a súa morte, traballando para clientes de toda a bisbarra de Terra de Montes, e retratando a xeracións enteiras de veciños, especialmente dende principios dos sesenta, cando se impón a obriga de incluír unha fotografía en carné de identidade. En pouco tempo converteuse no fotógrafo máis solicitado para reportaxes de cerimoniais, vodas, retratos, preitos, funerais e bautismos, documentando coa súa cámara os momentos clave na vida das persoas e familias da súa contorna.

O seu estilo é inconfundible e as súas imaxes cheas dunha intensidade emocional que as diferencia do traballo de calquera outro fotógrafo. Aínda que traballa por encarga, cada imaxe supón un reto e logra que cada retrato se converta nunha historia, dotándoos dunha solemnidade e dignidade que traspasa a obra. A obra de Virxilio foi coidadosamente gardada nun arquivo que a súa filla Keta Vieitez, tamén fotógrafa, se encargou de dar a coñecer. Hoxe, máis alá da súa gran calidade e valor estético, considérase un retrato colectivo, unha historia en imaxes.

Paralelamente a esta mostra, o departamento educativo do MARCO ofrece unha programación dirixida a escolares e público familiar. **'O instante detido'** é o nome xenérico deste programa de actividades, visitas e talleres, que se presentan como un convite a observar, a aprender a mirar e a descubrir o que unha imaxe pode contarnos. Pretende ademais achegarnos ao mundo da fotografía, descubrindo as súas posibilidades como técnica artística.

Se desexas máis información sobre a exposición podes solicitala ao departamento didáctico, ou ben acceder a ela directamente na nosa web www.marcovigo.com. No apartado **EXPOSICIÓNS TEMPORAIS/+INFO** atoparás a síntese do proxecto expositivo, texto curatorial, información sobre o artista e imaxes da exposición. Tamén, na Biblioteca-centro de documentación do MARCO preséntase unha mostra bibliográfica sobre fotografía histórica como complemento á exposición.

Posibilidades didácticas

A importancia da educación visual nun mundo saturado de imaxes foi recoñecida pola UNESCO en 1982. Case trinta anos despois desta declaración, o mundo enfróntase cada vez máis a unha sobreesaturación de imaxes, estáticas ou en movemento, reais ou virtuais. Aínda así a fotografía non perdeu un ápice da súa maxia e fascínanos co seu encanto. Este programa procura traballar aspectos relacionados coa educación visual.

Baixo o título '**O instante detido**' fórmulanse distintas formas de captar e percibir a realidade a través do ollo dunha cámara, con especial atención ao xénero do retrato dentro da fotografía. O título fai referencia á capacidade do fotógrafo para fixar e captar un momento, pero tamén á posibilidade de deternos para observar e falar do que vemos, potenciando as nosas habilidades de observación. Trátase de reflexionar, analizar, describir, verbalizar... como medios para navegar nun mundo visual onde precisamente a saturación de imaxes dificulta a súa observación e análise. Estas actividades son un convite a descubrir o que unha imaxe pode contarnos, tratando a educación visual non como medio de produción senón como vía para unha mellor comprensión.

Por outra banda, as fotografías de Virxilio Vieitez, son un documento social e histórico e deben ser entendidas como tales. Permítennos viaxar no tempo e no espazo e trasladarnos a unha Galicia de mediados do século XX. As súas imaxes están cargadas de contido e fannos pensar sobre o paso do tempo, as diferenzas entre a vida urbana e a rural, a emigración e a identidade.

Finalmente interézanos reflexionar sobre aspectos formais e estéticos. Ao contrario que outros fotógrafos, Virxilio realiza traballos por encarga. Os seus traballos non se diferencian a priori dos encargos doutros tantos fotógrafos do momento. Non obstante a súa obra preséntase hoxe nun museo. Que é o que fai que se consideren obras de arte?

O programa '**O instante detido**' comprende tres partes complementarias: actividades (opcionais) antes da visita, **visita e taller** no museo, e actividades (opcionais) despois da visita. As actividades **anteriores** permiten abordar na aula conceptos prácticos para motivar e espertar o interese do alumnado, e unha vez no museo axudaranlles a seguir máis activamente o desenvolvemento da visita e taller. As actividades **posteriores** pretenden ampliar cuestións que xurdiron durante a visita; afondar nas ideas, temas ou conceptos que suxiren as obras, e desenvolver proxectos relacionados coa exposición que visitaron.

Exposición
VIRXILIO VIEITEZ
22 outubro – 24 abril 2010

'O INSTANTE DETIDO'
Un programa educativo para escolares
Nivel: educación primaria
De 6 a 12 anos

Idades: de 6 a 12 anos

Conexión con materias

- Educación artística
- Coñecemento do medio natural, social e cultural

Obxectivos xerais

- Educar a mirada
- Aprender a ver e a falar dunha imaxe fotográfica
- Coñecer o método de traballo dun fotógrafo
- Analizar visualmente unha imaxe
- Traballar técnicas de observación e descrición
- Fomentar actitudes de tolerancia e respecto
- Promover a participación, a comunicación e o diálogo

Habilidades e capacidades a desenvolver

- Observación
- Análise visual
- Espírito crítico
- Creatividade
- Percepción
- Sensibilidade estética
- Aprendizaxe en equipo
- Comunicación verbal e artística

Proposta didáctica

- Actividades para antes da visita (OPCIONAL)
- A visita á exposición
- O obradoiro no MARCO
- Actividades para despois da visita (OPCIONAL)

Actividades para antes da visita [OPCIONAL]

1. Imaxes detidas

Tipo de actividade

Investigación persoal e montaxe dunha exposición

Duración

1 sesión de 50 minutos e traballo extraescolar

Introdución

Durante a exposición que visitaremos no MARCO descubriremos un artista que sen querer se converteu nun dos fotógrafos galegos máis interesantes do século XX. Observaremos as súas imaxes analizando os seus elementos para saber como e por que son hoxe consideradas obras de arte.

Virxilio Vieitez era o fotógrafo dunha aldea galega chamada Soutelo de Montes. Emigrou a Cataluña e ao seu regreso, gañouse a vida retratando os veciños da súa aldea e de pobos próximos aos que se desprazaba na súa moto.

Durante anos as súas fotografías descansaron nun arquivo da casa familiar ata que a súa filla decidiu dalas a coñecer e hoxe considéranse verdadeiras obras de arte pola súa grande calidade estética. Ademais hoxe a súa obra estúdase dende o punto de vista social xa que son un retrato colectivo dunha aldea galega, e grazas a elas podemos saber moito sobre os seus habitantes e a súa forma de vida.

Virxilio realizou un retrato do seu mundo, da Terra de Montes, e hoxe chega a nós para que reflexionemos sobre o que representan. No arquivo non só atoparemos retratos, senón que tamén inmortalizou momentos da vida dese pobo: vodas, bautizos, primeiras comuñóns, enterros, e tamén festas, acontecementos, traballos e un longo etcétera. As súas fotografías trasládannos a outra época e permítennos reflexionar sobre os cambios na moda, o transporte, o ocio, ademais das transformacións na propia evolución da fotografía.

1ª parte

A seguinte actividade trata de facernos reflexionar sobre eses cambios, así como sobre a capacidade narrativa das imaxes. Comezamos por cubrir individualmente unha **ficha de traballo (páx. 6)** e comentar os resultados en grupo.

FICHA DE TRABAJO



Observa detidamente estas imaxes que se corresponden con tres aspectos da realidade daquela aldea. Conta nunhas liñas o que ves en cada unha das fotografías e pensa con que fin foron tomadas.

- Como imaxinas este lugar?
- En que traballan os seus habitantes?
- Que acontecementos celebraban?
- A que dedicaban o seu tempo libre?

Observa de novo as tres imaxes e fíxate en pequenos detalles que puideron pasar desapercibidos á primeira vista. Que máis podes descubrir? Cres que estas tres imaxes son retratos? Por que?

2ª parte

Se ben todas as fotografías representan a realidade, esta non é senón unha realidade: a da persoa que toma a fotografía e decide "deter o momento". Toda unha serie de factores farán que cada persoa fotografe de forma diferente, xa que, aínda que o traballo final o realiza a cámara, é resultado dunha suma de decisións persoais sobre que fotografar e como facelo.

Virxilio non tiña a oportunidade de escoller as imaxes que tomaba, xa que traballaba por encarga para gañarse a vida. Aínda así, abonda ver tres ou catro fotografías para imaxinarse aquela vida en Soutelo de Montes.

Na segunda parte da actividade pensaremos en tres imaxes do lugar no que vivimos. Cada unha delas debe facer referencia a un dos temas das tres fotografías da ficha de traballo. Isto daranos pé para un posterior debate.

- IMAXE Nº 1. **O TRABALLO**
- IMAXE Nº 2. **OS ACONTECEMENTOS E CELEBRACIÓNS**
- IMAXE Nº 3. **O TEMPO LIBRE**

Podemos buscar esas fotografías en xornais, no álbum familiar, en Internet ou se é posible realizalas nós mesmos. Recordemos que as imaxes teñen que ser representativas destes tres temas, e que deben falar do lugar no que vivimos.

Outra opción para facilitar a actividade, se é necesario, é que o propio docente achegue unha variedade de imaxes entre as que os participantes poidan escoller as que lles parezan máis representativas.

3ª parte

Na terceira parte da actividade presentamos os resultados. Dividimos o encerado en tres partes cos temas propostos e cada participante presenta as súas fotografías comentándoas e situándoas na área correspondente.

Lembremos as imaxes da ficha de traballo para reflexionar sobre as diferenzas que atopamos nos modos de vida:

- A vida na cidade fronte á vida na aldea
- As diferenzas debidas ao paso do tempo

2. *Unha vida na maleta*

Tipo de actividade

Reflexión sobre a emigración e traballo sobre a identidade persoal

Duración

1 sesión de 50 minutos e traballo extraescolar

Descrición

Nesta actividade porémonos na pel dun emigrante e reflexionaremos sobre aquelas cousas que son máis importantes para nós. En primeiro lugar falaremos sobre Virxilio Vieitez e o lugar onde viviu e traballou.

As fotografías de Vieitez permítennos viaxar no espazo e no tempo. Viaxaremos a unha pequena aldea do interior de Galicia chamada Soutelo de Montes, ata os anos cincuenta do século pasado; unha época na que este lugar, como a maior parte das aldeas galegas, sufriu o fenómeno da emigración.

As condicións de vida nunha aldea como Soutelo de Montes eran moi duras. Os habitantes apenas dispoñían do máis básico para subsistir, ás veces as súas casas non tiñan algo tan básico como auga ou electricidade.

Pensemos no que teríamos que suprimir da nosa vida cotiá se non tivéssemos algo tan elemental como auga corrente ou luz. Poñámonos na situación dun día calquera e vaíamos sinalando en que actividades nos veríamos afectados.

Pero ademais as condicións económicas eran moi pobres, especialmente nos longos invernos onde non había apenas recursos no campo. Ante esta situación moitas aldeas foron abandonadas e os seus habitantes emigraron a outros lugares. En ocasións era toda a familia a que emigraba; outras veces, un dos seus membros ía en busca do sustento da familia. Toda a súa vida queda atrás en busca dun novo comezo.

Na súa maleta hai pouco espazo: apenas para algunha roupa e obxectos persoais. Poñámonos na pel dun emigrante e pensemos por uns momentos como serían as nosas maletas ...

FICHA DE TRABALLO



Nesta maleta só poderás colocar os obxectos persoais que consideres máis importantes para a túa viaxe. A través deles podemos coñecer moitos aspectos da identidade dunha persoa. Explica os motivos da túa selección.

Que libro dos que tes che gustaría levar?

Cales son as túas fotografías favoritas? Que representan?

Que tres garantías de roupa preferidas meterías na túa maleta?

Que xogos levarías na túa viaxe?

Que obxectos persoais como cartas, debuxos ou recordos levarías?

Que obxectos decorativos incluírías para decorar o teu novo fogar?

Pensa nalgunha cousa que nunca poderías deixar atrás se te vas a outro lugar

VISITA E OBRADOIRO NO MARCO

Educación Primaria

A visita á exposición

Durante a visita abordaremos conceptos como que é o MARCO, cal é a súa función, e qué tipo de actividades realiza. Introducimos o concepto de exposición, explicando o contido da que van ver.

O noso obxectivo é contribuír á educación visual do alumnado e desenvolver neles as habilidades necesarias para 'ler' unha imaxe. A través da obra de Virxilio Vieitez aprenderemos a ver unha fotografía, pero tamén a interpretala e a apreciar o seu valor artístico.

Analizaremos as fotografías dende o punto de vista histórico e social, valorándoas como fonte de información que nos achega datos sobre un lugar e un tempo determinados.

O obradoiro no Laboratorio das Artes

'Fotografando emocións'

O taller de Primaria ten como obxectivo explorar as posibilidades de expresión e axudar aos participantes a desenvolver as súas capacidades verbais e xestuais. Durante a primeira parte da actividade, a través dun xogo, aprenderemos a representar emocións, e a recoñecer xestos e expresións.

Na segunda parte realizaremos retratos fotográficos onde aplicar as nosas dotes expresivas, para así representarnos en diferentes situacións. Finalmente crearemos uns divertidos "espellos" de man onde nos retratar, representando diferentes estados de ánimo.

Actividades para despois da visita [OPCIONAL]

1. *Este é o meu mundo*

Tipo de actividade

Reportaxe fotográfica na que os participantes presentan o seu mundo en imaxes

Duración

Proxecto extraescolar de duración a determinar polo docente

Descrición

O obxectivo é que os alumnos elaboren unha reportaxe fotográfica na que presenten aspectos representativos do seu mundo persoal e social. Dependendo da idade dos participantes, estableceremos a duración do proxecto e decidiremos se é necesaria a axuda dun adulto.

Durante a visita á exposición puidemos observar como as fotografías de Virxilio Vieitez nos permitían descubrir aspectos da vida de Soutelo de Montes. Os retratos presentaban historias persoais dos habitantes, pero tamén tivemos a oportunidade de ver como traballaban e se divertían, así como de coñecer, a través da súa atenta mirada, os acontecementos familiares, sociais e culturais máis significativos dese lugar.

A proposta consiste na elaboración dun informe fotográfico sobre a realidade persoal e social que nos rodea. Mostraremos o noso mundo a través dunha serie de imaxes que pasarán a formar parte dunha exposición.

Cada participante presentará un mínimo de 5 fotos por **categoría** (ver páx. 12), a ser posible realizadas para este proxecto. Unha vez seleccionadas, as imaxes presentaranse nunha exposición e cada un dos participantes actuará como guía, describindo o que podemos ver nas súas imaxes e falando do que quería contar coas súas fotografías.

Na páx. seguinte preséntanse 6 categorías para agrupar as fotografías, e algunhas suxestións sobre o tipo de imaxes que podemos capturar para presentar o noso mundo aos demais:

CATEGORÍAS

A miña familia

Presenta os principais membros da unidade familiar. Trata de incluír fotografías nas que descubramos aspectos da súa personalidade, relacionadas coas súas afeccións, gustos, ou o seu traballo. Toma algunha fotografía de grupo ou búscaa no álbum familiar.

Os meus amigos

Retrata os teus mellores amigos pensando coidadosamente no escenario e na forma de retratalos, escollendo un lugar co que identifies cada persoa e acompañándoo dalgún obxecto significativo.

O meu colexio

Pensa en imaxes que resuman as experiencias que rodean o mundo da escola: xogo, deporte, estudio, profesores... Pensa ademais nalgunha imaxe que mostre aspectos máis persoais, como o teu lugar favorito ou o momento preferido da túa vida na escola.

As miñas afeccións

Dentro desta categoría inclúe aquelas actividades que prefires no teu tempo de lecer: xogos, libros, coleccións, lugares onde che gusta pasar o teu tempo libre.

O meu barrio

Como é o barrio no que vives? Preséntanos a túa rúa, os lugares que son para ti máis significativos, e aqueles espazos que queiras que coñezan os demais. Onde pasas máis tempo? Onde realizas as túas compras? Presenta algún personaxe característico do teu barrio.

A miña cidade

Imaxes que resuman o mellor da túa cidade, ou o que queredas dar a coñecer.

2. Xogando con imaxes

Tipo de actividade

Xogos didácticos para traballar con imaxes

Duración

1/2 sesións de 50 minutos

Descrición

A continuación propoñemos unha serie de xogos para traballar con imaxes de forma divertida e didáctica. O obxectivo destes xogos é desenvolver as nosas capacidades de observación e interpretación. Seleccionaremos os xogos en función da idade dos participantes.

'Onde está?'

A composición é a forma en que o fotógrafo ordena no espazo os elementos que se inclúen na fotografía. Para realizar este xogo debemos organizarnos en parellas, e cada unha traballará sobre dúas imaxes diferentes. Os participantes póñense de costas. Un deles describirá unha fotografía, primeiro de forma xeral, e a continuación ira describindo como están colocados cada un dos elementos. Sobre un papel en branco, o seu compañeiro irá debuxando esquematicamente os obxectos e persoas descritos, tratando de localos no lugar que lles corresponde. Despois intercámbianse os roles e finalmente preséntanse os debuxos e compáranse coas imaxes orixinais.

'A escena'

Durante a nosa visita ao MARCO descubrimos que os retratos de Virxilio Vieitez eran meticulosamente estudados, e que cada un levaba consigo unha singular posta en escena. Para este xogo, no que tratamos de reflexionar sobre o 'pousado' dos personaxes, dividirémonos en grupos de cinco persoas. Durante dez ou quince minutos cada un dos grupos debe decidir como van pousar, qué obxectos van incluír, e onde van realizar a fotografía. Cando estean preparados iremos a cada un dos escenarios escollidos e o profesor tomará as fotografías. Imprimirémolas e analizaremos os resultados en conxunto.

'3 minutos'



Observa durante 3 minutos esta fotografía. Trata de reter na memoria todos os elementos que se inclúen. Pasado este tempo toma unha cuartilla en branco e trata de facer un debuxo o máis fiel posible á fotografía. Compara o teu resultado cos teus compañeiros.

Quen ten máis memoria visual?

SUXESTIÓNS

Gustaríanos que sentises este museo como teu e compartir contigo os recursos para contribuír á mellora da educación artística. Se tes algunha idea para desenvolver programas ou actividades educativas relacionadas coa arte e a cultura contemporánea e queres colaborar co MARCO, ponte en contacto connosco.

Agradeceríamos que nos fixeses chegar os resultados das vosas actividades ou proxectos, así como calquera outra información relacionada con esta experiencia: que che parece o enfoque do noso programa educativo? cal é a túa opinión profesional? tes algunha suxestión?

Podes facernos chegar os teus comentarios **persoalmente**, por **correo postal**, a través do **teléfono**, **fax**, ou **correo electrónico**, ou da web www.marcovigo.com, á atención de:

Marta Viana Tomé
Pilar Souto Soto
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Departamento Didáctico
Príncipe 54
36202 Vigo
Tel. +34 986 113900
Fax +34 986 113901
marta.viana@marcovigo.com
pilar.souto@marcovigo.com
www.marcovigo.com

Pedro A. Cordón Casais
Asesor e autor do programa educativo